



XUNTA DE GALICIA

*Guía para a toma de mostras de
verteduras no mar*

Esta guía foi elaborada no marco do proxecto ARCOPEL (Atlantic Regions' Coastal Pollution Response). ARCOPEL ten como obxectivo a mellora das capacidades das autoridades locais e rexionais en canto á preparación, resposta e mitigación da contaminación marítima occidental. ARCOPEL está cofinanciado con fondos FEDER no marco do Programa Transnacional Espazo Atlántico.

ARCOPEL

Edición: Centro Tecnológico del Mar - Fundación CETMAR.

Coordinación: Instituto Tecnológico para o Control do Medio Mariño-INTECMAR,

*Centro Tecnológico del Mar - Fundación CETMAR, Subdirección Xeral de Gardacostas de
Galicia - Consellería do Medio Rural e do Mar.*

Asistencia técnica: Ardora Formación y Servicios, S. Coop. Galega

Traducción ao galego: Bruno Rama Álvarez de Ron.

Ano 2011

índice

5	1. INTRODUCIÓN
6	2. CONSIDERACIÓN XERAIS NA RECOLLIDA
6	DE MOSTRAS
6	2.1. Preparación do material
7	2.2. Natureza e composición da vertedura. Substancias Nocivas
8	Potencialmente Perigosas
9	2.3. Seguridade e saúde
10	2.4. Situación dos sitios de mostraxe
10	2.5. Deseño da mostraxe
	2.6. Notas de campo e observacións
10	3. TOMA DE MOSTRAS
12	3.1. Recollida de mostras líquidas
14	3.1.1. Recollida de mostras de hidrocarburos en auga
14	1. Recollida de mostras de hidrocarburos en auga mediante cono de polietileno
15	2. Recollida de mostras de hidrocarburos en auga directamente en frasco de toma de mostras
16	3. Recollida de mostras de irisacións de hidrocarburos en auga mediante alfombras de teflón
17	4. Recollida de mostras de irisacións de hidrocarburos en auga mediante cono de polietileno
17	3.2. Recollida de mostras sólidas
18	3.2.1. Recollida de mostras de hidrocarburos en praias e sedimentos petroleados
19	3.2.2. Recollida de mostras de hidrocarburos en animais
19	4. XESTIÓN DAS MOSTRAS
20	5. ENVASADO E CONSERVACIÓN
21	6. IDENTIFICACION E PRECINTADO DA MOSTRA
21	7. ENCHIDO DA DOCUMENTACIÓN
22	7.1. A acta
23	7.2. O documento de cadea de custodia
24	7.3. O documento de solicitude de análise
24	8. ENVÍO E CONTROL DAS MOSTRAS

27

9. BIBLIOGRAFÍA

28

10. ANEXOS

28

Anexo 1. Relación de material de mostraxe

30

Anexo 2. Tipo de envase onde debe recollerse a mostra en función do parámetro a analizar

31

Anexo 3. Protocolo de limpeza do material de mostraxe

32

Anexo 4. Acta de toma de mostras

33

Anexo 5. Volume orientativo de mostra líquida a recoller segundo a analítica que se solicite

34

Anexo 6. Documento de cadea de custodia. Formato G1 201

35

Anexo 7. Modelo de solicitud de análise de mostra líquida ao Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia. Formato G1 202

37

Anexo 8. Modelo de solicitud de análise de mostra sólida ao Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia. Formato G1 203

39

Anexo 9. NT-01 Información a solicitantes sobre a recollida, transporte e documentos de cadea de custodia e solicitude de análise de muestras líquidas e sólidas ao Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia

48

Anexo 10. Fichas resumo das diferentes técnicas de toma de mostras

1. INTRODUCIÓN

Na maioría dos casos en que se produce unha vertedura no mar é necesario responder a cuestións como quen foi o autor, cal é a natureza da vertedura, ou que propiedades físicas ten. Neste sentido, a toma de mostras é o primeiro paso no proceso de obtención de información sobre a vertedura e os resultados obtidos facilitarán a toma de decisiones durante o operativo de resposta.

O presente manual está deseñado para dar apoio ao persoal autorizado na realización da toma de mostras de derramos. O seu principal obxectivo é garantir que a recollida das mostras se realiza utilizando as técnicas e os materiais apropriados que permitan a súa posterior identificación e análise no laboratorio, así como describir a documentación necesaria que debe acompañar á mostra para dar validez legal ao proceso e facilitar a interpretación dos resultados.

A información está organizada en tres bloques. O primeiro contén as consideracións xerais a ter en conta á hora de realizar a mostraxe. No segundo bloque descríbense as técnicas a seguir para a toma de mostras en relación coa súa tipoloxía e no terceiro e último bloque coméntanse os aspectos relacionados coa xestión das mostras e a documentación relacionada. Tendo en conta que as continxencias nas que se ven involucrados os hidrocarburos son as más habituais, decidiuse describir en especial a toma de mostras destes.

Ao final do manual preséntanse os modelos da documentación que debe acompañar ás mostras, así como un conxunto de fichas resumo das diferentes técnicas de mostraxe e outra documentación de interese.

2. CONSIDERACIONES XERAIS NA RECOLLIDA DE MOSTRAS

A fiabilidade dos datos obtidos a partir das mostras tomadas depende de múltiples factores entre os cales figuran a correcta toma das mostras, unha preservación e custodia conveniente destas e un correcto etiquetado.

Por iso, o persoal responsable da toma de mostras debe ter os coñecementos necesarios para asegurar que o procedemento se realiza de forma correcta e non sexa un aspecto cuestionable durante un eventual proceso xudicial, xa que as mostras teñen valor como proba. Ademais a formación deste persoal debe ser continua para garantir que o nivel de competencia se mantén no tempo.

O seguimento dos protocolos de traballo establecidos é fundamental para a toma de mostras representativas e confiables durante o traballo de campo. Malia que cada situación require o seguimento duns procedementos específicos hai certas pautas comúns a todos os procedementos de toma de mostras. Entre os aspectos a destacar están:

2.1. Preparación do material



En ocasións préstase escasa atención á fase anterior á toma de mostras, pero é esencial ter preparado con anterioridade o material necesario (inclúese a lista de material necesario no anexo 1).

Adquirir este hábito pode aforrarnos imprevistos, ás veces difíciles de solucionar, á hora de realizar o traballo de campo. O material de mostraxe que se utilice dependerá das características da mostra. Preséntase máis información na correspondente sección do manual.



- Ter sempre o equipo de toma de mostras preparado (ver anexo 1).
- Seleccionar o tipo de envase no que hai que recoller a mostra en función do parámetro a analizar (ver anexo 2).
- Para a recollida de hidrocarburos utilizaranse botellas de vidro, preferentemente escuras. En caso contrario pódense envolver con papel de aluminio para evitar que lles dea a luz. Se non se dispón de frascos de vidro, recoméndase tomar a mostra en frascos de plástico limpos ou ata en bolsas de plástico limpas. Neste caso, ademais da mostra tamén se deberá enviar ao laboratorio un frasco ou bolsa limpos e baleiros que se utilizarán como brancos nas análises.
- As botellas que conteñen mostra non se deben almacenar nos colectores onde se atopa o equipo limpo.
- O material utilizado debe ser substituído canto antes do equipo de mostraxe para que estea dispoñible para un novo uso.
- Finalizado o traballo de toma de mostras, limpar coidadosamente o equipo de mostraxe reutilizable seguindo as instrucións do protocolo (ver anexo 3).

2.2. Natureza e composición da vertedura. Substancias Nocivas Potencialmente Perigosas

No caso dun derramo pode suceder que a persoa autorizada que vai levar a cabo a toma de mostras descoñeza se a vertedura en cuestión é daniña para a súa saúde ou perigosa para o medio ambiente. Por outra banda, é posible que, aínda coñecendo a natureza perigosa do contaminante, deba recoller unha mostra dunha vertedura daquelas substancias químicas puras e os seus compostos que se coñecen internacionalmente baixo o nome xenérico de Substancias Nocivas e Potencialmente Perigosas (SNPP).

En termos xerais, Substancias Nocivas e Potencialmente Perigosas (SNPP) son aquelas substancias que, debido ás súas propiedades intrínsecas, poden poñer en perigo a vida humana, o medio ambiente ou os bens, no caso de fuga ou derramo.

As SNPP están clasificadas segundo o código internacional que regula o seu transporte marítimo en:

- Graneis Líquidos e Gases
- Hidrocarburos

A maior porcentaxe de accidentes marítimos nos que están involucradas SNPP se trata de cargamentos de líquidos inflamables e substancias corrosivas.

O comportamento das SNPP ao derramarse no mar varía notablemente dun produto a outro, o que implica a necesidade de extremar as medidas de protección das persoas que interveñen nas operacións de toma de mostras desta clase de substancias.

As SNPP poden presentar un dos seguintes riscos ou calquera combinación destes: inflamabilidade, explosividade, toxicidade, infección, reactividade, corrosión e radioactividade.

2.3. Seguridade e saúde

As mostras de verteduras deben considerarse, en principio, como perigosas para a saúde das persoas que levan a cabo a mostraxe, polo que é necesario que se leven a cabo cos equipos de protección individual adecuados.

O equipamento mínimo inclúe o uso de luvas, botas e roupa adecuada para evitar o contacto do contaminante coa pel. Convén incluír máscaras respiratorias que impidan a inhalación de gases procedentes de SNPP.

Así mesmo, convén ter en conta as seguintes recomendacións:

- Realizar a toma de mostras en compañía.
- Evitar os momentos do día nos que a luz diúrna sexa insuficiente.
- Ter en conta o réxime de mareas naquelas zonas nas que haxa risco de illamento a causa do ascenso da marea.
- Manter actualizada a cartilla de vacinación.

2.4. Situación do lugar de toma de mostras

Na acta deben especificarse todos os lugares onde se realiza a toma de mostras. En xeral, a forma máis sinxela e fiable de situar o lugar de mostraxe é proporcionar a súa latitude e lonxitude, tomadas cun sistema de posicionamento global (GPS).

Para facilitar a identificación do lugar de mostraxe tamén pode ser útil unha boa documentación fotográfica que posteriormente nos permita caracterizar a zona. Por iso é recomendable incluír unha cámara fotográfica no equipo de mostraxe.

Cando se vai realizar unha toma de mostras desde a costa, resulta proveitoso dispoñer, para a identificación e acceso aos sitios de traballo, dun mapa guía que inclúa os accesos principais e secundarios e unha carta a escala adecuada. Así mesmo, é conveniente dispoñer de copias de fotografías aéreas da zona.

! recuerda



- Escoller unha localización adecuada para a recollida das mostras, preferiblemente onde a acumulación do produto sexa maior.

2.5. Deseño da mostraxe

En xeral, nunha mostraxe pódense tomar dous tipos de mostras:

- **Mostra da vertedura:** a que se toma dun punto de mostraxe situado na zona afectada pola vertedura.
- **Mostra control:** aquelas mostras do mesmo medio onde se produciu a vertedura pero que non están afectadas por ela. Na toma de mostras de verteduras no mar é importante coñecer as características fisicoquímicas do medio onde se produciu o derramo co fin de ter unha base de comparación coa mostra. A mostra tomada para este fin, é dicir, a mostra non afectada pola vertedura, denomínase branco ou control.

As réplicas son mostras independentes tomadas na mesma área e ao mesmo tempo, que permiten establecer os límites de confianza dos resultados, é dicir, en que medida o procedemento levouse a cabo correctamente e os resultados son representativos da realidade.

2.6. Notas de campo e observacións

A información específica acerca das condicións do vento, o estado da marea, elementos lindieiros e outros pode ser esencial á hora de analizar e interpretar os resultados. Por iso, o persoal encargado da mostraxe debe recoller toda esta información no apartado de observacións da acta (ver anexo 4).

Convén realizar fotos durante a toma de mostras, tanto da vertedura como do proceso de recollida.

3. TOMA DE MOSTRAS

A recollida das mostras é outro dos puntos críticos de control á hora de garantir a fiabilidade dos resultados.

A continuación proporcionanse unhas pautas xerais para a toma de mostras de verteduras. Posteriormente describirase o procedemento específico para a recollida de mostras en función da natureza da vertedura.

- Tomar mostras de todos os derramos diferentes atopados e todas as posibles fontes sospeitosas. Tomar primeiro a mostra da vertedura e despois, se é posible, a da fonte de sospeita. Se se supón a non homoxeneidade da mostra, deberase tomar un número suficiente de mostras que sexa representativo da vertedura. En grandes verteduras, a mostraxe deberá ser homoxénea ao longo desta.
- Se a operación de resposta a derramos se prolonga durante máis dun día, deben tomarse mostras todos os días para que sexa posible determinar o grado de alteración da substancia vertida.
- Recoller tres réplicas da mostra.
- O volume de mostra a recoller varía en función da súa natureza (ver cada un dos apartados correspondentes).
- Tense que conseguir o volume de muestra requerido para a análise. Non obstante, cando isto non sexa posible recollerase o volume dispoñible.
- Excepto no caso de que se trate de mostras de auga, os recipientes non deben encherse máis das tres cuartas partes.
- Evitar calquera contacto do producto recollido con materiais plásticos, metálicos, químicos, graxas ou outras substancias que poidan alterar a mostra.
- Non tocar a parte interior das botellas e as súas tapas.
- Empregar sempre luvas de nitrilo dun só uso.
- Non fumar durante a toma de mostras. O fume de cigarros e a combustión pode contaminar as mostras con metais pesados.





No caso de que se saiba ou sospeite que estamos ante unha vertedura de SNPP, procederase da seguinte forma:

- Observar se nas inmediacións da vertedura se atopa algún envase, bidón ou colector do que poida proceder o contaminante. Nese caso a súa etiqueta proporcionaranos información valiosa sobre a composición da vertedura, riscos potenciais para a saúde e o medio ambiente, medidas preventivas e orixe do residuo. Recoméndase fotografar tanto o recipiente como a súa etiqueta.
- Solicitar instrucións á persoa responsable da coordinación no caso de dúbida sobre como actuar.
- Evitar o contacto directo co material derramado: non tocar e non pisar.
- Se se trata dunha substancia volátil e se coñece a súa composición, utilizar unha máscara respiratoria específica para protexerse dos vapores do contaminante. No caso de descoñecela, usar unha máscara xenérica.
- Evitar a inhalación de fumes e vapores: a ausencia de cheiro non implica que sexan inofensivos.
- Aproximarse á vertedura a favor do vento.

3.1. Recollida de mostras líquidas

As mostras líquidas recóllense por inmersión, enchendo un recipiente mantido xusto por baixo da superficie da auga ata que se encha. Para a recollida de mostras líquidas hai que ter en conta, ademais das consideracións xerais na toma de mostras, as seguintes observacións:

- Ter claro o volume mínimo de mostra que hai que tomar en función da analítica que se solicite (ver anexo 5).
- Utilizar luvas de nitrilo.

- Recoller tres réplicas, procurando que sexan o máis homoxéneas posible.
- Rotular a botella co número da acta correspondente.
- Desenroscar a tapa da botella sen tocar a rosca, o interior da botella, nin o interior da tapa.
- Enxaugar a botella coa auga da mostra.
- Evitar remover o fondo para que a mostra non conteña sedimentos.
- En zonas de correntes fortes, tomar a mostra contracorrente.
- Tomar mostras de auga control.
- No caso de mostras **de auga** control, tomar a mostra a uns centímetros por debaixo da superficie **enchendo a botella totalmente sen deixar ningún espazo con aire**.
- Para **outro tipo de mostras líquidas, encher a botella ata as tres cuartas partes**.
- No caso de SNPP utilizar un cubo limpo ou recipiente similar para recoller a mostra, evitando introducir calquera parte do corpo na vertedura, independentemente de que estea cuberta polo equipo de protección individual adecuado. Posteriormente transvasarase ao frasco de toma de mostras, que se encherá ata **as tres cuartas partes** da súa capacidade.
- Medir a temperatura da auga en superficie. Para iso mergullarase o termómetro anulado ao mango do cono de polietileno o máis cerca posible do derramo, pero en auga limpa. A temperatura tomarase xusto por baixo da superficie para que esta sexa a más próxima á temperatura real do derramo.



- Introducir a botella nunha neveira portátil co fin de manter as mostras en lugar fresco. Non conxelar.




3.1.1. Recollida de mostras de hidrocarburos en auga

A continuación descríbese o procedemento a seguir no caso específico de que se detecte presenza de hidrocarburos en auga, ben sexan manchas de certa consistencia ou irisacións.

1. Recollida de mostras de hidrocarburos en auga mediante cono de polietileno

- Poñerse as luvas e introducir o cono dentro do aro.
- Unir aro e mango mediante o adaptador.
- Recoller a mostra co dispositivo aro-mango-cono.
- Izar verticalmente o mango co cono para evitar que o mango se curve.
- Deixar a mostra dentro do cono o tempo mínimo pero suficiente para que se decante a auga da mostra. Non deixar a mostra dentro do cono máis tempo do necesario para evitar posibles alteracións.
- Cortar coas tesouras a parte inferior do cono onde se acumulou a fracción de auga. Desbotar a fracción acuosa.
- Verter a mostra no frasco, nunha cantidade representativa, de forma que ocupe aproximadamente as **tres cuartas partes do frasco**.





recuerda

- En mostras moi consistentes e só cando sexa estritamente necesario, utilizar a espátula para traspasar a mostra do cono ao frasco.
- Gardar o frasco no envase térmico e introducilo na bolsa de toma de mostras co seu precinto correspondente.
- Manter as mostras en lugar fresco (neveira) e en escuridade. Non conxelar.



2. Recollida de mostras de hidrocarburos en auga directamente en frasco de toma de mostras

Esta técnica débese utilizar unicamente no caso de non dispoñer do equipamento necesario para recoller a mostra mediante cono de polietileno. Para a toma de mostras directamente no frasco débese proceder do seguinte modo:



- Colgar o recipiente cunha man e a tapa coa outra.
- Introducilo na auga con coidado e recoller unha mostra rozando a capa de hidrocarburo para coller a menor cantidade de auga posible.
- Repetir ata que o frasco **estea cheo ata os tres quartos da súa capacidade**.



recuerda

- Gardar o frasco no envase térmico e introducilo na bolsa de toma de mostras co seu precinto correspondente.
- Manter as mostras en lugar fresco (neveira) e en escuridade. Non conxelar.



Co obxecto de mellorar a técnica de recollida poden observarse as seguintes indicacións:

- Empregar un cubo con pequenos buracos no fondo ou un coador de aceiro inoxidable.
- Repetir a técnica tantas veces como sexa necesario para aumentar a cantidade de hidrocarburo no cubo.
- A continuación transferir o hidrocarburo ao frasco cunha espátula. Se na zona de recollida da mostra houbese anacos de madeira poden utilizarse para introducir a mostra no frasco.

3. Recollida de irisacións de hidrocarburos mediante alfombras de teflón

As alfombras de teflón absorben o hidrocarburo e repelen a auga. Por iso son o método máis adecuado para a recollida de irisacións.

- Poñerse as luvas e anoar o fío de nailon, o máis curto posible, por un extremo ao mango e por outro á pinza.
- Suxitar o pano de teflón coa pinza.
- Pasar a alfombra reiteradamente pola irisación para facilitar a impregnación.
- Dobrar o pano, coas luvas postas, e introducilo dentro dun frasco.
- Gardar o frasco no envase térmico e introducilo na bolsa de toma de mostras co seu precinto correspondente.
- Manter as mostras en lugar fresco (neveira) e en escuridade. Non conxelar.
- Noutro frasco de mostra introducir panos limpos para que o laboratorio os empregue como referencia.



4. Recollida de irisacións de hidrocarburos mediante cono de polietileno

- Procederase da forma descrita no punto **Recollida de mostras de hidrocarburos en auga, mediante cono de polietileno.**



Se non se dispuxese do equipo adecuado para tomar a mostra de irisacións mediante algunha das técnicas descritas anteriormente pódense seguir as seguintes indicacións:

- Coler auga co frasco de mostra.
- Tapar o frasco de mostra e darlle a volta deixándoo nesa posición uns minutos.
- Desenroscar a tapa con coidado e deixar que escorra a auga.
- Selar a tapa e poñer o frasco dereito.
- Repetir se fose necesario.

3.2. Recollida de mostras sólidas

A técnica a empregar para a recollida de mostras de substancias sólidas ou pastosas depende da natureza, concentración e aparencia da vertedura, así como da superficie na que se presenta. Nalgúnsas ocasións, malia que a substancia derramada sexa un líquido, sucede que aparece impregnando restos de residuos urbanos, sedimentos, animais, algas e/ou vexetación de dunas ou marismas, polo que necesariamente ten que tomarse unha mostra sólida para a súa análise.

- Ter claro o volume mínimo de mostra que hai que tomar en función da analítica que se solicite:

1. Para determinacións orgánicas especiais (por exemplo, hidrocarburos) enviarase 500-1000 ml de mostra en envase de vidro de boca ancha ou en bolsa de polietileno hermética.



2. Para o resto de determinacións, 1000-2000 ml de mostra. O tipo de envase seleccionarase en función do parámetro a analizar (ver anexo 5).

- Utilizar luvas de nitrilo.
- Recoller tres réplicas, procurando que sexan homoxéneas.
- Rotular o envase co número da acta correspondente.
- Desenroscar a tapa da botella sen tocar a rosca, o interior da botella, nin o interior da tapa. No caso de que se empreguen bolsas, evitar tocar o seu interior.
- Evitar recoller coa mostra restos de area, algas, conchas, ou outros materiais (salvo no caso de mostras de biota ou sedimentos que se atopen impregnados).



recuerda



Se se trata dunha vertedura que se atopa dentro de envases ou embalaxes (bidóns, botellas, caixas), NON ABRIR.

No caso de coñecer a súa composición e tratarse dunha substancia cuxa manipulación e transporte non comporta riscos específicos, procederase ao seu traslado ao laboratorio dentro do recipiente no que se atopa, que será adequadamente identificado como mostra seguindo as instrucións descritas na epígrafe Xestión das mostras.

No caso de tratarse dunha SNPP distinta de hidrocarburos, solicitaranse instrucións á persoa responsable da coordinación. Para o caso de hidrocarburos, consultar as epígrafes correspondentes desta guía.

3.2.1. Recollida de mostras de hidrocarburos en praias e sedimentos petroleados

- Usar luvas de nitrilo.
- Colgar o frasco de mostra cunha man e a tapa coa outra. Inclinar o frasco cara ao sedimento contaminado e encher o frasco ata os

tres cuartos. Se fose necesario, empregar, para encher o frasco, a espátula de madeira ou, na súa falta, a tapa.

- Gardar o frasco no envase térmico e introducilo na bolsa de toma de mostras co seu precinto correspondente.
- Manter as mostras en lugar fresco (neveira) e en escuridade. Non conxelar.

3.2.2. Recollida de mostras de hidrocarburos en animais

- Raspar o hidrocarburo das plumas ou a pel do animal utilizando unha espátula de madeira, para evitar que o contaminante permaneza en contacto co exterior do animal. As graxas naturais do animal disólvense nos hidrocarburos modificando a súa composición, o que dificulta a súa posterior análise.
- Introducir a espátula nun frasco de vidro. Se non é posible utilizar un frasco de vidro, empregar unha bolsa de plástico.
- Gardar o frasco no envase térmico e introducilo na bolsa de toma de mostras co seu precinto correspondente.
- Manter as mostras en lugar fresco (neveira) e en escuridade. Non conxelar.



Se isto non fose posible, débese proceder da seguinte forma:

1. Cortar as plumas contaminadas e introducillas nun frasco de mostra, ou
2. Introducir os animais mortos en bolsas de plástico, rotular as bolsas e conxelar antes de envialas ao laboratorio.

4. XESTIÓN DAS MOSTRAS

Unha vez recollidas as mostras hai que proceder ao seu envío ao laboratorio coa maior celeridade posible, tendo en conta os seguintes aspectos:

1. Un envasado e conservación adecuados, co fin de que non se deteriore.
2. Unha correcta identificación e precintado que evite perdas, confusións e invalidez das mostras.
3. Documentación necesaria para garantir a súa validez como proba e a súa admisión nun laboratorio de análise.
4. Transporte ao laboratorio atendendo á lexislación vixente.

5. ENVASADO E CONSERVACIÓN

O almacenamento e xestión das mostras e do equipo de mostraxe débese levar a cabo con limpeza, evitando que se contaminen con outras substancias. A limpeza do vehículo de transporte é esencial para evitar a contaminación.

O protocolo a seguir para o envasado e conservación das mostras é o seguinte:

- Limpar e secar o frasco con papel.
- Pechar o frasco comprobando que o disco de teflón e o tapón están dispuestos adecuadamente.
- Gardar o frasco dentro do envase térmico.
- Introducir na bolsa de toma de mostras co seu precinto correspondente.
- Cubrir todos os apartados da bolsa de toma de mostras.
- Manter as mostras en sitio fresco para minimizar a volatilización ou a biodegradación dos constituyentes da mostra (preferiblemente a unha temperatura de 4°C) e almacenar en escuridade.
- Non conxelar as mostras, excepto no caso de tratarse de mostras de animais mortos.
- Manter os frascos en posición vertical e co tapón cara arriba.



6. IDENTIFICACION E PRECINTADO DA MOSTRA

Para previr confusións débense identificar os envases no momento da mostraxe e seguir as seguintes indicacións:

- Cubrir cada un dos campos das bolsas de precinto.
- Gardar cada un dos frascos de mostras (tres réplicas) nun envase térmico.
- Introducir cada envase térmico nunha bolsa de toma de mostras co seu precinto correspondente.
- Introducir a copia-calco da acta na bolsa de precinto.
- Precintar as bolsas para evitar posibles alteracións nas mostras.
- Manter as mostras en lugar fresco (neveira) e en escuridade. Non conxelar.



7. ENCHIDO DA DOCUMENTACIÓN

En todos os casos as mostras entregadas para a análise no Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia irán acompañadas, como mínimo, da seguinte documentación:

- Acta de toma de mostras
- Documento de cadea de custodia: formato G1201 (ver anexo 6)
- Solicitud de análise: para mostras líquidas no formato G1202 (ver anexo 7) e para mostras sólidas no formato G1203 (ver anexo 8).

! recuerda

E fundamental cubrir correctamente toda a documentación (acta, documento de custodia e solicitude de análise). **En caso contrario, as mostras serán rexeitadas.**

Para o envío de mostras ao Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia deben seguirse as indicacións recollidas no documento ***NT-01 Información a solicitantes sobre a recollida, transporte e documentos de cadea de custodia e solicitude de análise de mostras líquidas e sólidas ao Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia*** (ver anexo).

7.1. A acta

A finalidade da acta é a de obter a maior cantidade de información posible así como servir para **dar validez legal ás mostras recollidas.**

Cada lote de mostras recollidas baixo condicións homoxéneas (recoméndase recoller a mostra por triplicado), deberá estar sempre acompañado por unha acta de toma de mostras (ver anexo 4). Esta acta consta dunha folla orixinal, de cor branca, e tres copias-calco, de cor amarela, unha por cada réplica recollida.

Na acta reflíctense as condicións nas que se toma a mostra: situación, condicións meteorolóxicas, descripción da vertedura e da mostra, datos sobre o proceso de toma, testemuñas presentes e persoas que custodian as mostras.

Para cubrir a acta de toma de mostras débense seguir as seguintes instrucións:

- Cubrir con letra maiúscula lexible e firme.
- Manter a acta en condicións de limpeza.
- Cubrir todos os apartados (ver anexo 4).
- Cando se envíen varios envases con mostras, indicar claramente se se trata de duplicados dunha mesma mostra ou de mostras tomadas en puntos e/ou momentos diferentes.
- Recoller todos os datos posibles sobre as condicións meteorolóxicas reinantes no momento da toma das mostras.
- No apartado de observacións recolleranse todos aqueles datos que se consideren de interese para a interpretación dos resultados e que non aparezan considerados nas epígrafes da acta, por exemplo os datos das persoas que actúan como testemuñas.
- Asinar a acta.



7.2. O documento de cadea de custodia

As mostras deben manipularse como evidencia legal e deben manterse nunha cadea de custodia ata que sexan completados os procedementos de identificación do derramo. O documento de cadea de custodia servirá como garantía de que as mostras que finalmente sexan entregadas no laboratorio correspóndense coas orixinalmente tomadas. **O documento de Cadea de Custodia deberase cubrir sempre, xa que é fundamental para a validez legal do proceso.**

! recuerda

O documento de cadea de custodia consta de tres apartados (ver anexo 6):

- O **primeiro apartado** será cuberto polos responsables da toma de mostras.
- O **segundo apartado** será cuberto polos responsables do transporte das mostras, que poderán ser os mesmos que tomaron as mostras ou outras persoas nas que se delegue.
- O **terceiro apartado** será cuberto polos responsables técnicos do laboratorio no momento da recepción das mostras.



7.3. O documento de solicitude de análise

As mostras que se entreguen no Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia deberán ir acompañadas do documento de solicitude de análise en formato para mostras líquidas (ver anexo 7) ou en formato para mostras sólidas (ver anexo 8).

É importante indicar claramente cales son os parámetros a analizar. No caso de dúbida, consultarase á persoa responsable da coordinación. **As mostras en cuxa solicitude se indiquen todos os parámetros posibles a analizar serán rexeitadas.**

8. ENVÍO E CONTROL DAS MOSTRAS

Hai que ter en conta que as mostras teñen tempos de conservación restrinxidos, polo que é necesario asegurarse de que as unidades mostrais chegan ao Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia ou outro laboratorio ACREDITADO baixo a norma UNE-EN-ISO 17025, dentro do horario de traballo e coa maior brevidade posible.

O transporte das muestras desde o lugar de recollida ata o laboratorio debe realizarse atendendo á lexislación vixente en materia de transporte de mercancías. Se se sospeita que as muestras conteñen substancias químicas perigosas deben transportarse nas condicións que esixe o Real Decreto 551/2006, do 5 de maio, polo que se regulan as operacións de transporte de mercancías perigosas por estrada en territorio español.

Indicacións para o transporte por estrada de muestras que conteñan substancias químicas perigosas:

- Incluir un único frasco por paquete.
- Colocar o frasco dentro do envase térmico.
- Introducir cada envase térmico nunha bolsa de toma de muestras co seu precinto correspondente. Sempre que sexa posible, acompañar o frasco da muestra con material absorbente por se este rompese durante o transporte.
- Introducir as muestras nunha neveira portátil con xeo ou similar.
- Pegar a etiqueta de envío con datos sobre o expedidor, o destinatario e o código ONU do producto. O código ONU é un número asignado a cada materia perigosa polo Comité de Expertos da Organización de Naciones Unidas.



Exemplo para un envío de muestras de hidrocarburos:

Expeditor: Subdirección Xeral de Gardacostas
 Destinatario: Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia
 ONU 1268. Productos derivados del Petróleo. N.E.P.
 Cantidad limitada; Muestra

Este procedemento é exclusivo para o transporte de mostras por estrada. No caso de que haxa sospeita de que se trate doutro produto ou que deba ser enviado por transporte aéreo ou non se dispona dalgún dos materiais necesarios para o seu correcto transporte (envase térmico, adaptador absorbente, caixa homologada ou adhesivo de envío) non debe ser enviado ata consultar coa/s persoas responsables da coordinación.

- Recoméndase que o tempo entre a toma de mostra e o inicio das análises non exceda as 24-48 horas. **Non realizar tomas de muestras en días véspera de festivos, salvo que a urgencia del caso así lo requiera**



recuerda

- No caso de que o transporte se delegue a terceiras persoas, solicitar á/s persoas responsables da coordinación da actuación a seguinte información: Teléfono e número de cliente da empresa de transporte concertada para o envío por estrada de muestras de hidrocarburo como mercancías perigosas en cantidades limitadas e as direccións ás que enviar cada un dos paquetes. Contactar coa empresa de transporte e proceder ao envío dos paquetes.
- A persoa autorizada a realizar a toma de muestras debe entregar á/s persoas responsables da coordinación da actuación a primeira folla da acta e as fotos realizadas.
- Comunicar á/s persoas responsables da coordinación da actuación calquera incidencia que se produza durante todo o proceso de toma de muestras.



9. BIBLIOGRAFÍA

- BONN AGREEMENT SECRETARIAT. *Guidelines for the Exchange of Oil Samples/Results between countries, and on Oil Spill Identification: Oil Spill Identification*, Vol 3. Cap. 32. 2007.
- LABORATORIO DE MEDIO AMBIENTE DE GALICIA, CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS, XUNTA DE GALICIA. *Nota Técnica-01 Información a solicitantes sobre la recogida, transporte y documentos de cadena de custodia y solicitud de análisis de muestras líquidas y sólidas al Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia*.
- SOCIEDAD DE SALVAMENTO Y SEGURIDAD MARÍTIMA. *Manual de instrucciones para la toma de muestras de hidrocarburos en la mar*. 2004.
- SUBDIRECCIÓN XERAL DE GARDACOSTAS DE GALICIA, CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS, XUNTA DE GALICIA. *Manual para a toma de muestras de substancias contaminantes. Toma de muestras de auga e hidrocarburos*.

10. ANEXOS

Anexo 1. Relación de material de mostraxe

O equipo de toma de mostras debe contar como mínimo cos seguintes recursos:

Recollida de mostras
<ul style="list-style-type: none">☒ Frascos de vidro con pechadura antivertedura e disco de teflón no tapón, para mostras de hidrocarburos.☒ Botellas de vidro de 1 l, para mostras de auga, preferiblemente escuras.☒ Bolsas de polietileno, para a recollida de mostras sólidas.☒ Luvas de nitrilo*☒ Mango extensible
Manchas consistentes
<ul style="list-style-type: none">● Aro metálico● Adaptador aro-mango● Cono de polietileno*
Irisación
<ul style="list-style-type: none">● Alfombra de teflón*● Bobina de nailon● Pinzas de madeira*
<ul style="list-style-type: none">☒ Termómetro☒ Tesouras☒ Espátula de madeira*
Envasado e conservación
<ul style="list-style-type: none">☒ Caixas térmicas de polistireno expandido*☒ Neveiras portátiles con xeo ou similar
Identificación e etiquetado
<ul style="list-style-type: none">☒ Rotulador indeleble☒ Etiquetas adhesivas para direccions*

* Material dun só uso

Precintado

- Bolsas para precintar**
- Precintos*

Empaquetado e envío

- Caixas homologadas para o envío de substancias perigosas en cantidades limitadas*
- Cinta de embalaxe

Documentación

- Acta de toma de muestras*
- Documento de custodia*
- Documento de solicitud de análisis*
- Cámara fotográfica
- GPS
- Bolígrafo

*Material dun só uso

Anexo 2. Tipo de envase onde debe recollerse a mostra en función do parámetro a analizar

PARÁMETRO	ENVASE
Aceites e graxas	V
Anións e catións en xeral	P, V
Carbono Orgánico total (COT) ou disolto (COD)	P, V
Cianuros totais	P, V
Cloruros	P, V
Cloro libre e cloro total	P, V
Compostos orgánicos volátiles (COVs)	V, tapón de teflón
Conductividade eléctrica	P, V
Cromo VI	P, V
DBO5	P, V
DQO	P, V
Dioxinas e furanos	V, tapón de teflón
Deterxentes aniónicos	P, V
Dureza	P, V
Fenois	V, tapón de teflón
Hidrocarburos aromáticos policíclicos (PAHs)	V, tapón de teflón
Metais, excepto mercurio	P, V
Mercurio	V preferentemente, P
Nitratos	P, V
Osíxeno disolto	P, V
PCBs	V, tapón de teflón
Pesticidas	V, tapón de teflón
Ph	P, V
Sulfatos	P, V
Sulfuros	P, V
Toxicidade a bacterias luminescentes	P, V

* V: vidro * P: Plástico

Anexo 3. Protocolo de limpeza do material de mostraxe

Unha vez terminada a fase de toma de mostras e cando estas foron enviadas ao laboratorio autorizado para a realización das analíticas correspondentes, é a hora de limpar o material que se reutilizará en próximas ocasións e repoñer o material desbotable que se empregou.



recuerda

Para a limpeza do material que se utiliza na toma de mostras de hidrocarburos observaranse as seguintes pautas:

- O equipo de mostraxe reutilizable limparase coidadosamente cun **deterxente libre de fosfato**. A continuación aclararase con abundante auga corrente.
- Enxaugar ben con auga destilada.
- Deixar secar.
- Gardar en bolsas de plástico limpas ou en calquera envase limpo que as preserve do po e outra sucidade.
- Almacenar co resto do equipo de toma de mostras.
- Solicitar a reposición do material desbotable.

Anexo 4. Acta de toma de muestras

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR	Subdirección Xeral de Gardacostas	ACTA DE TOMA DE MOESTRAS	 Nº XXXXXXXX																				
<p>En _____, Concello de _____, ás _____ horas do día _____ de _____ de 20_____, os axentes _____ do Servizo de Gardacostas recollerón (nº de muestras) _____ muestras dunha mesma vertedura.</p>																							
<table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr> <td>Número de precinto:</td> <td colspan="3"></td> </tr> <tr> <td colspan="4">Medio de inspección (folio/matrícula): _____</td> </tr> <tr> <td>Tipo de envase:</td> <td>Plástico <input type="checkbox"/></td> <td>Vidro <input type="checkbox"/></td> <td>Outros: _____</td> </tr> <tr> <td>Fonte probable da vertedura:</td> <td colspan="3"></td> </tr> <tr> <td>Realización de fotografías:</td> <td>Sí <input type="checkbox"/></td> <td colspan="2">Non <input type="checkbox"/></td> </tr> </table>				Número de precinto:				Medio de inspección (folio/matrícula): _____				Tipo de envase:	Plástico <input type="checkbox"/>	Vidro <input type="checkbox"/>	Outros: _____	Fonte probable da vertedura:				Realización de fotografías:	Sí <input type="checkbox"/>	Non <input type="checkbox"/>	
Número de precinto:																							
Medio de inspección (folio/matrícula): _____																							
Tipo de envase:	Plástico <input type="checkbox"/>	Vidro <input type="checkbox"/>	Outros: _____																				
Fonte probable da vertedura:																							
Realización de fotografías:	Sí <input type="checkbox"/>	Non <input type="checkbox"/>																					
CONDICIONES METEOROLÓXICAS																							
VENTO	ESTADO DO MAR		ESTADO DA MAREA																				
	Dirección: Forza: Mareira: <input type="checkbox"/>	Calma <input type="checkbox"/> Rizada <input type="checkbox"/> Moi grosa <input type="checkbox"/>	Marusia <input type="checkbox"/> Grosa <input type="checkbox"/>	Preamar <input type="checkbox"/> Baixamar <input type="checkbox"/>	Crescente <input type="checkbox"/> Baixante <input type="checkbox"/>																		
DESCRIPCIÓN E NATUREZA DO VERTIDO		INDICADORES DE CONTAMINACIÓN																					
Petróleo crudo <input type="checkbox"/> Produtos químicos <input type="checkbox"/> Materia orgánica <input type="checkbox"/> Olor: <input type="checkbox"/> Cor: <input type="checkbox"/>	Combustible / Aceite <input type="checkbox"/> Residuos sólidos <input type="checkbox"/> Descoñecida <input type="checkbox"/>	Peixes mortos <input type="checkbox"/> Crustáceos mortos <input type="checkbox"/> Moluscos mortos <input type="checkbox"/> Paxaros mortos <input type="checkbox"/>	Restos vexetais <input type="checkbox"/> Restos animais <input type="checkbox"/> Residuos <input type="checkbox"/> Turbidez <input type="checkbox"/>	Burbullas <input type="checkbox"/> Escuma <input type="checkbox"/> Color anormal <input type="checkbox"/> Olor <input type="checkbox"/>																			
ZONA DE RECOLLIDA																							
Ría: <input type="checkbox"/>	Lugar/Polígono: _____	Concello: _____																					
Latitude: _____; Lonxitude: _____ Distancia á costa: _____ Sonda: _____																							
Superficie mariña <input type="checkbox"/>	Entre augas <input type="checkbox"/>																						
No fondo do mar <input type="checkbox"/>	Costa rochosa <input type="checkbox"/>																						
Praia <input type="checkbox"/>	Tanque <input type="checkbox"/>																						
Outros: _____																							
OBSERVACIÓN: _____																							

SINATURAS

Axentes de Gardacostas

Testemuñas

INFORME DE INSPECCIÓN

A.-DATOS DA ENTIDADE INSPECCIONADA

Data da inspección		Clave do expediente		NIF	
Nome e apelidos ou razón social				Teléfono	
Endereço do vertido				Concello	
Endereço de notificacións				Concello	
Representante/Cargo				DNI	
Correo electrónico					
Obxecto da inspección					

B.-FEITOS OBSERVADOS

En representación da Administración

Por parte da entidade inspeccionada

Selo e sinatura

Selo e sinatura

B.-FEITOS OBSERVADOS

En representación da Administración

Por parte da entidade inspeccionada

Selo e sinatura

Selo e sinatura



C.-DATOS DA MOSTRAXE

Mostraxe	<input type="checkbox"/> Sí <input type="checkbox"/> Non	Tipo	<input type="checkbox"/> Puntual <input type="checkbox"/> Integrado	Hora mostraxe		Código vertido	
Localización e descripción do punto de vertido:							

Coordenadas UTM do punto de vertido
(ETRS89 Fuso 29) X = _____ Y = _____

Sistema de Control Propio da Entidade Inspeccionada

Dispón de caudalímetro:	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/> Funciona <input type="checkbox"/> Non funciona	Dispón de pH-metro	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/> Funciona <input type="checkbox"/> Non funciona
-------------------------	---	--------------------	---

Valor de caudal instantáneo:

Valor de pH:

Parámetros medidos "in situ"	Equipo	Data de Calibración		
	pH (U. de pH)	Osíxeno disolto (mg/L)	Condutividade (µS/cm)	Temperatura (°C)

PARÁMETROS A ANALIZAR

<input type="checkbox"/> pH <input type="checkbox"/> Osíxeno disolto <input type="checkbox"/> Condutividade <input type="checkbox"/> Sales solubles <input type="checkbox"/> Dureza <input type="checkbox"/> Sólidos en suspensión <input type="checkbox"/> Materiais sedimentables <input type="checkbox"/> M. Inhibidoras (Decant. 2h)	<input type="checkbox"/> DQO total <input type="checkbox"/> DBO ₅ <input type="checkbox"/> COT <input type="checkbox"/> Coliformes totais <input type="checkbox"/> Coliformes fecais <input type="checkbox"/> E. coli <input type="checkbox"/> Estreptococos fecais <input type="checkbox"/> Enterococos intestinais	<input type="checkbox"/> Nitróxeno Total <input type="checkbox"/> Nitróxeno amoniacal <input type="checkbox"/> Nitritos <input type="checkbox"/> Nitratos <input type="checkbox"/> Fósforo total <input type="checkbox"/> Fosfatos <input type="checkbox"/> Sulfuros <input type="checkbox"/> Sulfatos <input type="checkbox"/> Sulfíticos	<input type="checkbox"/> Cloruros <input type="checkbox"/> Fluoruros <input type="checkbox"/> Aceites e Graxas <input type="checkbox"/> Deterxentes <input type="checkbox"/> Fenols <input type="checkbox"/> Hidrocarburos totais do petróleo (TPH's) <input type="checkbox"/> Hidrocarburos aromáticos polícíclicos (PAH's)	<input type="checkbox"/> Metais disoltos (especificar): <input type="checkbox"/> Outros:
---	--	--	--	---

No punto de mostraxe indicado recóllese unha mostra que se reparte en fracción/s, que se precintan, selan e identifican como

codificando a mostra xemelga para o interesado.

Material e volume de cada fracción	<input type="checkbox"/> Plástico (volume: _____ litros; nº envases: _____) <input type="checkbox"/> Vidro (volume: _____ litros; nº envases: _____) <input type="checkbox"/> Outros (volume: _____ litros; nº envases: _____)
------------------------------------	---

O COMPARCENTE	<input type="checkbox"/> ACEPTE A MOSTRA XEMELGA	<input type="checkbox"/> REXEITA A MOSTRA XEMELGA (motivo) <input type="checkbox"/> Carece de medios para a súa análise <input type="checkbox"/> Outros:
---------------	--	--

As mostras que quedan en poder da Administración son refixeradas dende o momento da toma de mostra e custodiadas ata a súa entrega á entidade colaboradora, do cal deixarse constancia documental (cadea de custodia).

Natureza	Orixe	Caudal:	Turbidez:
<input type="checkbox"/> Doméstico-Urbano <input type="checkbox"/> Industrial <input type="checkbox"/> Agrícola-Gandeiro <input type="checkbox"/> Residuos <input type="checkbox"/> Aportes Naturais <input type="checkbox"/> Descoñecido	<input type="checkbox"/> EDAR <input type="checkbox"/> ARU <input type="checkbox"/> Aliviadoiro <input type="checkbox"/> Vivenda-Particular <input type="checkbox"/> Fosa séptica <input type="checkbox"/> Rede de saneamento <input type="checkbox"/> Rede de pluviais/pluviais	<input type="checkbox"/> Moi elevado (>100 l/s) <input type="checkbox"/> Elevado (>3-100 l/s) <input type="checkbox"/> Medio (>0,5-3 l/s) <input type="checkbox"/> Baixo (0-0,5 l/s) <input type="checkbox"/> Nulo <input type="checkbox"/> Descoñecido	<input type="checkbox"/> Moi turbio <input type="checkbox"/> Turbio <input type="checkbox"/> Transparente <input type="checkbox"/> Non hai vertido (ou non se pode observar o vertido)
Destino: <input type="checkbox"/> DPH <input type="checkbox"/> DPMT <input type="checkbox"/> Outros;	<input type="checkbox"/> ARI <input type="checkbox"/> EDARI <input type="checkbox"/> Fecais	Caudal medido: l/s	Afección:
Destino específico: <input type="checkbox"/> Directo a DP <input type="checkbox"/> Vía Pública -Cuneta <input type="checkbox"/> Infiltración <input type="checkbox"/> Non existe vertido <input type="checkbox"/> Outros	<input type="checkbox"/> Refixeración <input type="checkbox"/> Terras-Obras <input type="checkbox"/> Pluviais con tratamiento <input type="checkbox"/> Agrícola-Gandeiro <input type="checkbox"/> Residuos	Presenza de residuos: <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	<input type="checkbox"/> Fauna piscícola <input type="checkbox"/> Vexetación <input type="checkbox"/> Captacións <input type="checkbox"/> Zonas de baño <input type="checkbox"/> Visual <input type="checkbox"/> Outras:
Perímetro afectado polo vertido (metros) <input type="checkbox"/> <1 <input type="checkbox"/> 1-5 <input type="checkbox"/> 5-10 <input type="checkbox"/> >10	<input type="checkbox"/> Augas naturais (regos, ríos) <input type="checkbox"/> Augas pluviais <input type="checkbox"/> Augas de escorrentas <input type="checkbox"/> Descoñecido <input type="checkbox"/> Non existe vertido <input type="checkbox"/> Outros:	Presenza de escumas: <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	Climatoloxía:
		Cheiro:	<input type="checkbox"/> Chove <input type="checkbox"/> Non chove <input type="checkbox"/> Choiva os días previos
		Cor:	Frecuencia:
		Sistema de depuración:	<input type="checkbox"/> Continuo <input type="checkbox"/> Periódico <input type="checkbox"/> Puntual <input type="checkbox"/> Nulo <input type="checkbox"/> Descoñecida

MEDIO RECEPTOR	<input type="checkbox"/> Conca: Tipo de elemento Hidrográfico: <input type="checkbox"/> Río <input type="checkbox"/> Ría <input type="checkbox"/> Océano/Mar <input type="checkbox"/> Encoro <input type="checkbox"/> Outros:	<input type="checkbox"/> E. Hidrográfico:
----------------	--	---

En representación da Administración	Por parte da entidade inspeccionada
Selo e sinatura	Selo e sinatura

D.-OBXECTO DA INSPECCIÓN E ANÁLISE DA MOSTRA

O obxecto desta inspección é a comprobación por parte de Augas de Galicia dos datos relativos ao vertido de augas residuais do interesado.

O representante da Administración actúa seguindo as instrucións ditadas por Augas de Galicia.

Os resultados da inspección poderanse utilizar por Augas de Galicia aos efectos da determinación do canon da auga, así como aos efectos da apertura, se procede, do oportuno expediente de autorización ou sanción do vertido; segundo a normativa vixente reguladora dos vertidos ao dominio público hidráulico e marítimo-terrestre.

Augas de Galicia analizará as mostras de augas residuais aos efectos indicados no apartado anterior. O interesado ten dereito a efectuar as análises da mostra xemelga.

As análises deberán realizarse por un laboratorio acreditado pola norma UNE EN ISO 17025.

Augas de Galicia poderá notificar electronicamente ao interesado o informe de inspección e os resultados analíticos, outorgándolle un prazo de 10 días (contados dende a devandita notificación) para realizar alegacións que considere oportunas ao contido de dito informe; transcorrido o cal entenderase por desestimado.

